



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA O NOMEAMENTO INTERINO DUNHA PRAZA DO POSTO DE TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS, GRUPO A, SUBGRUPO A1.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a regulación da selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de Técnico/a de Servizos Económicos, Grupo A, Subgrupo A1, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as no proceso selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados en condicións de igualdade
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público
- e) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do título de Grao en Dereito, Administración de Empresas, Administración e Dirección de Empresas, Dirección Financeira e Contabilidade, Economía, Finanzas e Contabilidade, ou calquera outro de titulación ou grao equivalente
- f) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condición de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). En todo caso, con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirido ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto no segundo exercicio previsto da fase de oposición reflectido nas bases, e que cualificará ao/a aspirante como apto ou non apto.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

TERCEIRA.-SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo e presentaranse, conforme ó modelo que se achega como anexo, no Rexistro Xeral do Concello ou calquera dos rexistros establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no **prazo de 10 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presenten a instancia por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Arteixo, deberán remitir unha copia sellada da instancia ben por vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17).

Xunto coas instancias deberá presentarse inexcusablemente orixinal ou copia compulsada da seguinte DOCUMENTACIÓN:

1. Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade
2. Fotocopia da titulación esixida no apartado 2.e) mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo.
3. Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 2 das mesmas así como declaración xurada do requisito 2.d)
4. Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante. Os dereitos de exame establécense en 35,50 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá achegarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego de longa duración por doce meses consecutivos ou máis tempo) segundo a Ordenanza Fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

5. As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acredítase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. En dita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Arteixo, indicaranse o nome, apelidos e DNI das persoas admitidas e excluídas, especificando as causas da exclusión, e concedendo un prazo de tres (3) días hábiles para a subsanación da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de non existir aspirantes excluídos/as, a listaxe de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de subsanación de documentación.

Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

excluídos/as e determinarase o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así coma a composición definitiva do Tribunal. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. A admisión dos/as aspirantes e a súa inclusión na listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/da aspirante.

QUINTA.- PROCESO SELECTIVO

O procedemento de selección para esta bolsa de emprego será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de emprego que desenvolverán dacordo coas bases específicas. Os exercicios da fase de oposición serán os seguintes:

- **Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 3 temas elixidos ao chou, de entre os que figuran no temario. Un destes corresponderá ao apartado do “Temario xeral” e o resto ao apartado de “Temario específico”.

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao/á aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

- **Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que determinará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados coas materias que integran o programa específico das bases da convocatoria, relativos as tarefas propias da praza. Os/as aspirantes poderán facer uso dos textos legais que consideren oportunos, non incluíndo ni manuais nin textos comentados.

Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao/á aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

- **Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e non eliminatorio**

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego,



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

someténdoos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

As persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de "apto", para o que se lles exixirá o título Celga, 4 de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), art. 2.4.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará. Sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Desde a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, membros do tribunal e as/os colaboradores e especialistas designados.

As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e nos que non poidan realizarse conxuntamente a orde de actuación das persoas aspirantes principará por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra G, segundo a resolución da Consellería de Facenda de 5 de xaneiro de 2018 (DOG nº 19 de 26/01/2018), pola que se fai público o resultado do sorteo ao cal se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida listaxe terá validez ata que se convoque a praza de idéntica condición nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa nunha vindeira oferta de emprego público por quedar vacante, non podendo superar un máximo de tres anos.

SEXTA.- PUBLICIDADE

Publicarase anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases reguladoras publicarase integramente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e páxina web municipal para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A listaxe de admitidos/as e excluídos/as, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello, así como na web municipal.

Contra a exclusión na listaxe de admitidos/as e recusacións dos membros do Tribunal poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na web municipal.

Todas as comunicacións dirixidas aos/as aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo Tribunal serán publicadas no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal será designado pola Alcaldía na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto, podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

A súa composición, na que primará o principio de especialidade e idoneidade técnica, así como a paridade, será a seguinte:

- **Presidente/a:** un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial dunha entidade local ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1.
Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias eextraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.
- **Secretario/a:** un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial dunha entidade local que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico (coa correspondente proposta de acordó) ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

O/a secretario/a será o/a responsable de elaboración das actas consonte ao establecido na Lei 39/2015. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- **Vogais:** tres funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial dunha entidade local ou seus organismos autónomos, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do Tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal e o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso.

O Tribunal poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do Tribunal, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do Tribunal, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos/as aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

- a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da listaxe elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da Constitución Española de 1978 de todos/as os/as aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.
- b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da listaxe de reserva.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

Non afectarán ás renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade
- supostos de incapacidade temporal (IT)
- supostos nos cales o/a aspirante atopese prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, noutra Administración Pública
- supostos nos cales o/a aspirante atopese prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino, mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

NOVENA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases vincularán ao Concello de Arteixo, ao Tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo. Asemesmo, dado que as publicacións e anuncios serán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, entenderase que os/as aspirantes, no momento da presentación de instancia, asumen a publicidade de datos personais (nome, apelidos, cualificacións dos exercicios, etc). A restante información, de carácter persoal, quedará reservada ao expediente interno de selección e protexida segundo o establecido polo estipulado na Lei 15/1999, de 13 de decembro.

DÉCIMA.- INCIDENCIAS

O Tribunal cualificador queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

TEMARIO XERAL

1. A Constitución Española de 1978: consideracións xerais, estrutura e contido, características principais. Principios constitucionais e valores superiores.
2. A Unión Europea: orixe e natureza. As institucións da Unión Europea: composición e atribucións. Fontes do dereito comunitario: dereito orixinario e dereito derivado. Competencias.
3. A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Dereitos e deberes dos veciños.
5. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias municipais. Os municipios de gran poboación.
6. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez e eficacia. A notificación. A execución do acto.
7. A invalidez do acto administrativo. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. Os recursos administrativos.
8. O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver. O réxime do silencio administrativo.
9. Os contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Elementos do contrato administrativo.
10. Contratos administrativos. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
11. O orzamento das Entidades Locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración, aprobación e liquidación do orzamento.
12. Fases do procedemento de execución de gasto no réxime local. Os créditos e as súas modificacións: clases e tramitación. Os gastos plurianuais.
13. A liquidación do Orzamento Municipal. Os remanentes de crédito. O remanente de tesourería. O resultado orzamentario.
14. A Conta Xeral. Contido. Tramitación. Aprobación. Rendición
15. Procedemento xeral de execución do gasto público: aprobación do gasto. Compromiso de gasto. Recoñecemento da obrigación e proposta de pago. Extinción das obrigacións a cargo da Facenda Pública.
16. Xestión de gastos de persoal. Retribucións dos empregados públicos. Xestión dos gastos de persoal en activo. A Seguridade Social dos empregados públicos.
17. A xestión de gastos de transferencias (I). A Lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Concepto, natureza e clasificación das subvencións. Principios xerais. Elementos personais. As bases reguladoras. O procedemento de concesión e pago.
18. A xestión de gastos de transferencia (II). Xustificación. Reintegro. Infraccións administrativas en materia de subvencións. O delito subvencional. A xestión de gastos derivados da responsabilidade patrimonial do Estado. A xestión doutros gastos de transferencias.
19. A instrución de contabilidade aplicable aos entes locais. O Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local. Estructura. Principios contables públicos.
20. Análise dos estados financeiros: análise patrimonial e análise financeiro. Análise de rentabilidade. Indicadores de xestión.
21. Integración ou consolidación de balances. Finalidade. Balances consolidables. Sistemática da consolidación de estados contables. O problema das eliminacións. Eliminacións financeiras, económicas e patrimoniais.
22. Contabilidade analítica. Esquema contable da formación de custos. Custos estimados ou presupostados. Procedementos contables e contas de axuste. Custos estándar.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

Procedementos contables e significados e calificación das desviacións. Distinción entre custos presupostos e custos estándar.

23. Os sistemas de control da actividade económico- financeira do sector público (I). O control interno. Función interventora. Concepto regulación e principios xerais. Modalidades do seu exercicio: Fiscalización limitada previa (de requisitos básicos) e fiscalización previa plena. O reparo, a discrepancia e a súa resolución. A omisión da fiscalización. A convalidación de gastos. O recoñecemento extraxudicial de créditos.
24. Os sistemas de control da actividade económico- financeira do sector público (II). O control financeiro. Concepto. Regulación e principios xerais. Ámbito subxectivo. Clases de control financeiro: control financeiro permanente. O traballo de control. Os informes de control.
25. Os sistemas de control da actividade económico-financiera do sector público (III). O control financeiro de subvencións e axudas públicas

TEMARIO ESPECÍFICO

1. Os recursos das Facendas Locais: enumeración. Os recursos dos municipios con especial consideración da tributación cedida polo Estado.
2. Os recursos das provincias. Os recursos doutras Entidades Locais Menores. Réximes especiais. Os ingresos de dereito privado.
3. Os tributos locais.- principios. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e impugnación.
4. Réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. Os recursos non tributarios das entidades locais.
5. O Imposto sobre Actividades Económicas. Natureza. Feito imponible. Suceso pasivo. Exencións e bonificacións. O recargo provincial. Xestión censal e xestión tributaria
6. Imposto Bens Inmóveis. Regulación e réxime xurídico.
7. Imposto Vehículos de Tracción Mecánica. Regulación e réxime xurídico.
8. Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Regulación e réxime xurídico.
9. Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: aspectos xerais, regulación e réxime xurídico.
10. Taxas. Regulación e réxime xurídico.
11. Prezos públicos e contribucións especiais. Regulación e réxime xurídico.
12. O dereito tributario: concepto. A Lei Xeral Tributaria: concepto, contido e fontes. Os principios do ordenamento tributario español.
13. A aplicación e a interpretación das normas tributarias. Ámbito temporal e criterios de suxección ás normas tributarias. Calificación. A integración das normas tributarias: analoxía, simulación e conflito na aplicación da norma tributaria.
14. Os tributos: concepto, fines e clases. A relación xurídica-tributaria. As obrigacións tributarias: a obrigación tributaria principal, a obrigación tributaria de realizar pagos a conta, as obrigacións entre particulares.
15. A revisión en vía administrativa (I).- Revisión dos actos de carácter tributario na vía administrativa. Procedementos especiais de revisión: revisión de actos nulos, declaración de lesividade de actos anulables, revogación e rectificación de erros.
16. A revisión en vía administrativa (II). Devolución de ingresos indebidos.
17. A revisión en vía administrativa (III). O recurso de reposición. As reclamacións económico-administrativas.
18. O Imposto sobre Sociedades (I). Natureza e ámbito de aplicación. O feito imponible. Contribuíntes. Exencións plenas e parciais. A base imponible: Concepto e réximes de determinación. Imputación temporal de ingresos e gastos.
19. O Imposto sobre Sociedades (II).- Limitación á deducibilidade de gastos: amortizacións, perdas por deterioración do valor dos elementos patrimoniais e provisións e outros gastos. Gastos non deducibles. Limitación á deducibilidade de gastos financeiros.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

20. O Imposto sobre a renda das Persas Físicas. Feito imponible. Exencións. Suxeitos pasivos. Base imponible e base liquidable. Cuota íntegra estatal e autonómica. Deduccións. Cuota diferencial. Tributación familiar. Xestión do imposto. Imposto sobre a renda de non Residentes.
21. Obrigacións de facturación (I). Obrigación xeral de expedir e entregar factura. Contido xeral das facturas.
22. Obrigacións de facturación (II). Expedición de documentos substitutivos das facturas ou ticket. Expedición e remisión das facturas ou documentos substitutivos. Facturas ou documentos substitutivos rectificativos. Obrigación de conservar os documentos de facturación. Outras cuestións en materia de facturación. Obrigacións de documentación a efectos doutros tributos non IVE. Xustificación de determinadas operacións financeiras.
23. Libros Rexistro no Imposto sobre o Valor Engadido. Obrigación de levar libros rexistro. Excepcións á obrigación de levanza de libros. Libro rexistro de facturas expedidas. Libro rexistro de facturas recibidas. Libro rexistro de bens de investimento. Libro rexistro de determinadas operacións intracomunitarias. Requisitos formais. Prazos para as anotacións rexistrais. Rectificación nas anotacións rexistrais. Sistemas de rexistro nos réximes especiais.
24. A Contabilidade Financeira. As Contas Anuais. Principios e Criterios Contables.
25. Normas de Rexistro e Valoración no Plan Xeral Contable (I): normas da 1ª á 23ª.
26. Normas de Elaboración das Contas Anuais.
27. O cadro de contas. Os grupos de contas: definicións e regras que se aplican.
28. As obrigas legais da contabilidade dos empresarios relativas aos libros de contabilidade e as contas anuais. O Ciclo contable.
29. A consolidación contable. Suxeitos que interveñen na consolidación. Métodos de consolidación e procedemento de posta en equivalencia. Fases do proceso de consolidación.
30. A contabilidade de sociedades: concepto. A constitución de sociedades.
31. Contabilidade Fiscal (I). Diferenzas temporais. Diferenzas permanentes. Contabilización do Imposto de Sociedades. Activos por diferenzas temporais deducibles. Pasivos por diferenzas temporal imposables. Imposto imputado ó grupo 8 do cadro de contas.
32. Contabilidade Fiscal (II). Contabilización do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE repercutido e IVE Soportado). Regra da prorrata.
33. Contabilidade do sector Ppblico. Principios contables públicos. A contabilidade da execución do presuposto de gasto. A contabilidade da execución do presuposto de ingresos.
34. Auditoría (I). Clasificación da Auditoría. Obxectivos da Auditoría. Os usuarios da auditoría. Normas de auditoría xeralmente aceptadas. Normas de carácter xeral. Normas sobre a execución do traballo. Normas sobre os informes. Tipos de opinións.
35. Auditoría (II). Aceptación do encargo e planificación. Execución do traballo e obtención da evidencia. Obtención das conclusións, traballos finais.
36. As sociedades de capital en xeral. Concepto de sociedade de capital. Clases. Disolución e liquidación de sociedades. O rexistro mercantil.
37. A sociedade comanditaria. A sociedade de responsabilidade limitada.
38. A sociedade anónima.
39. As obrigas e os contratos mercantís (I). Contrato de comisión, de axencia, de concesión mercantil, de franquía, de compravenda, de subministro, de conta corrente entre empresarios.
40. As obrigas e os contratos mercantís (II). Contrato de Leasing, de factoring. A letra de cambio. Os contratos bancarios: depósito, préstamo, transferencia, descontó bancario, crédito bancario.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

MODELO DE INSTANCIA

D./D^a. con DNI núm.:
con enderezo C.P. Localidade
teléfono de contacto mail

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de FUNCIONARIO/A INTERINO/A ao abeiro do art. 10.1 c) do EBEP do posto de

TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS

e declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza e especificamente non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado.

Aportase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- DNI (copia cotexada)
- Titulación de acceso (copia cotexada)
- Taxas dereito exame (ou certificación de desemprego ou minusvalía)
- Celga 4 (copia)

SOLICITA:

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámite estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO